PROSA MEDIEVAL.

A prosa medieval conservada non se pode comparar coa lírica , xa que é moi escasa.
A produción prosística está condicionada polo contexto histórico e político, ao servizo das cortes reais. Os mosteiros eran focos culturais e a lingua da cultura era o latín eclesiástico.
A partir de finais do século XIII e nos séculos XIV e XV os temas máis importantes da literatura europea, a demanda do Santo Graal, Tristán e Isolda, o rei Artur e os cabaleiros da Táboa Redonda..., tamén tiveron a súa versión na nosa lingua.
Podemos distinguir dúas etapas

- Ata mediados do s. XIV, os textos de Galiza e Portugal non difiren, por iso se denomina prosa galego-portuguesa.
- Dende a metade do s. XIV, a lírica galego-portuguesa esmorece e Galiza e Portugal toman camiños políticos diferentes.

Os factores máis importantes que provocaron o deterioro da nosa cultura son

- ➔ Asentamento en Galiza dunha nobreza de fóra.
- ➔ Intransixencia coa cultura e lingua propias.
- ➔ Ausencia dunha burguesía que defenda os intereses de Galiza.
- ➔ Diminución da poboación.
- ➔ Perda de autonomía da Igrexa galega.

TIPOS DE PROSA.

■ **PROSA DE FICCIÓN**. Narran historias de ficción ou fantásticas. Segundo o tema clasifícanse en.

- **Materia de Bretaña.** Ciclo bretón ou artúrico, está formado por diversas narracións relacionadas co rei Artur e os seus cabaleiros e a busca do Santo Graal.

  TEXTOS CONSERVADOS
  - Libro de Xosé de Arimatea. Narra a orixe e o significado do Graal, vaso empregado por Cristo na última cea, onde Xosé de Arimatea recolleu o seu sangue despois de crucificalo e transladalo á Bretaña, onde vai ficar nun castelo en espera dun cabaleiro libre de pecado que o libere do seu encantamento.

  - Merlín, Narra as profecías do mago Merlín e a famosa espada cravada na rocha.

  -Demanda do Santo Graal. Conta as aventuras dos cabaleiros do rei Artur que van en busca do Santo Graal. Galaaz será o elexido pera descubrir o misterio.

  - Libro de Tristán. Narra os amores tráxicos de Tristán e Isolda.

- **Ciclo clásico ou troiano.** Recrea o asedio e destrucción de Troia e as aventuras dos seue heroes, está inspirado na literatura grecolatina.

  TEXTOS CONSERVADOS.
  -Crónica Troiana. Cóntase a guerra de Troia desde a súa fundación á súa destrucción , narrando as batallas e relacións amorosas con elementos propios da Idade Media.

  - A Historia Troiana. Texto en galego e castelán de lendas troianas, ofrece unha visión do mundo medieval.

- **PROSA DE NON FICCIÓN**. Mostran a realidade pero tamén con elementos fantásticos.

- **Prosa historiográfica.** Obras traducidas do castelán e do latín ao galego. Serven de propaganda aos monarcas.

  TEXTOS CONSERVADOS.
  Crónica Xeral Galega.

  General Estoria.

  Crónica Galega de 1404.

- **Prosa haxiográfica.** Obras de carácter relixioso con afán didáctico, narran milagres sobre as vidas dos santos.

  TEXTOS CONSERVADOS.
  Crónica de SantaMaría de Iria. A súa intención era salvagardar da igrexa de Santa María de Iria e enxalzar a figura do arcebispo Xelmirez como mecenas. Este texto marca o inicio dos Séculos Escuros.

  Miragres de Santiago. Narra a vida e milagres do santo pero tamén o encontro con Carlomagno e a súa loita en defensa do cristianismo.